

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 2301/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia número 127, de luns 03 de xuño de 2024, publica a convocatoria do proceso para a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos-Disposición Adicional quinta do Real Decreto-Lei 32/2021 (modelo 406), ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres peóns non incluído no cadro de persoal do Concello.

Vista a base xeral 7.1, que sinala “(...) A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación. Todos os membros do Tribunal actuarán con voz e con voto. O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Segundo as circunstancias do proceso, cando razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellasen, o Tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que poderá ser persoal do Concello ou doutras administracións públicas que limitarán a súa intervención á colaboración que, en función das súas especialidades técnicas, solicítelles o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto...”

Vista a base xeral 7.2 que sinala “(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros...”

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: D. Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello.

VOGAIS:

Titular: Don Antonio Río Rodríguez, Profesor de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro

Suplente: Don Luis Rodil Fernández, Profesor de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Titular: Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa, Profesora de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.



Concello de Viveiro

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. María Sonia García Rodríguez, Profesora de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: D. Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Eloisa Pérez Lage, Profesora de Música do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o mércores día 19 de xuño de 2024, ás 08:30 horas, para a súa constitución e elaboración da lista de admitidos e excluídos.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

